

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS PARA A DIFUSIÓN, ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Dona Concepción Losada Vázquez, con DNI nº. 34.932.243 G, na súa condición de presidenta da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, con CIF G15705262 e domicilio social no Museo do Pobo Galego, con enderezo en San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, que actúa no nome e en representación da devandita fundación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

- . Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.



. Que no ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego, o libro e a literatura galegas, así como promover a docencia e a investigación sobre lingua e literatura galegas. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos e lecer no ámbito da mocidade.

. Que no ámbito da Administración autonómica galega, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma e a cultura galegas a todos os ámbitos sociais.

. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e da cultura galegas. Concretamente, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas, constituída no ano 1999, declarada de interese galego e cultural e inscrita no Rexistro de Fundacións co nº 1999/21, ten por obxecto a defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual, de Antonio Fraguas Fraguas, catedrático de Instituto culto e activo escritor que publicou ao longo da



súa vida máis de 350 traballos destinados e orientados ao coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega.

. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera axeitado colaborar coa Fundación Antonio Fraguas Fraguas, tendo en conta que, a vinculación de Antonio Fraguas Fraguas co galeguismo data de seus anos de xuventude como fundador da Sociedade da Lingua e como membro do Seminario de Estudos Galegos. Posteriormente ao crearse o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, Antonio Fraguas adscríbese a esta nova institución na que desempeñou diversos cargos. Así mesmo foi membro da Real Academia Galega, da Academia Galega das Ciencias, do Consello da Cultura Galega e pertenceu a diversos organismos e entidades científicas. Como foi característico dos intelectuais vinculados ao Seminario de Estudos Galegos, abordou nos seus traballos os máis diversos campos do saber humanístico: xeografía, etnografía, folclore, historia, arte, etc., que o fixo merecedor dun posto destacado entre os creadores da Galicia do porvir.

. Que para cumprir os seus obxectivos, esta fundación leva a cabo programas e actividades de diversa índole destinados a promover a obra e a figura de Antonio Fraguas, así como para darlle continuidade ao labor por el realizado nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas e tamén nos que, dunha maneira especial, estivo moi vinculado co fin de fortalecer a lingua e a cultura galegas.

. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente poderá levalas a cabo a Fundación Antonio Fraguas Fraguas que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.



. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera de especial interese para fomentar a lingua as actividades que desenvolve a Fundación Antonio Fraguas Fraguas e, dado que teñen intereses comúns e coincidentes, desexan colaborar conxuntamente na realización de diversas actividades arredor da vida e obra do citado intelectual.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2024 que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da súa obra.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra e a figura humana de Antonio Fraguas Fraguas, así como para darlle continuidade ao labor realizado por el nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas.

Segunda.- Obrigas da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Mediante a sinatura deste convenio a fundación, comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes actuacións:

- Convocatoria e resolución da XIII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas.



- Peche da terceira edición do programa Cántame un conto de divulgación da transmisión oral do patrimonio cultural, e convocatoria da cuarta edición da mesma.

A Fundación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas neste convenio.

As partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación



do seu prazo de execución.

Cuarta.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do convenio.

Quinta.- Fondos documentais

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais da fundación que pasen a constituír a biblioteca e arquivo poderán ser accesibles de maneira gratuíta, a estudosos e investigadores da obra de Antonio Fraguas Fraguas, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Sexta.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **14.000,00 €**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **12.000,00 €** con cargo á partida orzamentaria 43.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024.

A Fundación achegará a cantidade restante de **2.000,00 €**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sétima.- Xustificación e pagamento



A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a correspondente achega, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas presentará telematicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2024 a seguinte documentación:

- . Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas.
- . Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e cultura galegas.
- . No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- . Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do



convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Secretaría Xeral da Lingua reserva para si o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio, así como a realización das actividades de control e seguimento do cumprimento das actividades previstas neste convenio.



Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Novena.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.



Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo terceira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta.- Responsabilidade das actuacións



O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e na promoción e difusión da cultura.

Décimo sexta.- Desagregación de datos por sexo.

En cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes, toda recollida de datos relativa ao convenio deberán incluír variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados en mulleres e homes separadamente. Esta cláusula será aplicable para o caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo novena.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais



e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Vixésima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.



Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

A presidenta da Fundación

Antonio Fraguas Fraguas

José López Campos

Concepción Losada Vázquez

